

opusdei.org

A economista nixeriana Franca Ovadje, premio Harambee pola súa promoción das mulleres africanas

Galicia promove diversas iniciativas de apoio a Harambee, a ONG posta en marcha con motivo da canonización de san Xosemaría Escrivá, fundador do Opus Dei. O premio deste ano recoñece os programas de formación para mulleres emprendedoras promovidos por Ovadje que converteron a moitas delas en

pequenas empresarias. Franca Ovadje é unha prestixiosa economista nixeriana, graduada nas universidades de Ibadan e Nsukka e doutora en Administración de Empresas polo IESE.

23-04-2022

"¿As mulleres vannos ensinar?" Esta é a pregunta que se fai en voz alta un asistente a un dos cursos de Franca Ovadje. Ela lémbrao como unha anécdota pero recoñece que para ser profesora da escola de negocios máis importante de Nixeria, a LBS (Lagos Business School), tivo que "traballar moito máis, sabelo todo moi ben... É como estar constantemente nun exame: se o aprobas, ben". Nesta escola de negocios, na que foi pioneira, impartiu clases de liderado, xestión do cambio e xestión de

recursos humanos. Tamén foi docente no IESE Business School de Barcelona e en diversos programas en universidades de Sudáfrica e Ghana.

Mentres noutros países africanos a diferenza entre as áreas de benestar e as de pobreza son moi diferentes "en Nixeria hai máis mestura, non se pode esquecer a pobreza". Ante esta situación, Ovadje impulsou un bo número de proxectos solidarios para as mulleres africanas. Así, en 1999 foi a cofundadora e presidenta do Women Entrepreneurs Forum (NBWF), unha ONG pioneira en formación, mentoring e apertura de mercados para pequenas empresas de mulleres en Nixeria. Esta iniciativa, que incluía servizos de asesoramento empresarial e persoal para as emprendedoras, pasou posteriormente a formar parte do Servizo de Desenvolvemento Empresarial da LBS. Un dos seus

programas de formación para mulleres empresarias, chamado "Grow Your Business Programme", foi seguido por centos de nixerianas.

Desde Galicia, Harambee conta co apoio de diversas iniciativas. Así, nas instalacións do Real Aero Club de Vigo celébrase cada ano un campionato solidario de golf que recada fondos para os proxectos Harambee e no que participan unhas 150 persoas.

Nos últimos anos tamén se organizaron concertos, partidos de fútbol, exposicións, coloquios en centros educativos e outras entidades sobre a promoción da igualdade das mulleres africanas, actos solidarios no Hostal dos Reis Católicos, xantares solidarios, mercados e outras actividades para axudar a Harambee.

Eses fondos sumanse aos que Franca Ovadje recadou de organizacións

privadas e do Banco Mundial co obxectivo de facilitar o acceso das mulleres africanas á mellor escola de negocios do país. Tamén fixo contribucións moi destacadas á formación e desenvolvemento das mulleres profesionais dos recursos humanos en Nixeria a través de programas de formación e orientación. Moitas destas mulleres son agora directoras de recursos humanos ou dirixen empresas de consultoría que empregan a un bo número de persoas do país.

Nos case 30 anos como profesora esta economista deseñou e ensinou programas de desenvolvemento de liderado para estudantes de tres das universidades máis antigas do seu país: Ibadan, Nixeria e Lagos. Esta formación cubriu un baleiro no desenvolvemento da xente nova que participou na mesma. Tamén é autora do libro **Change Leadership in Developing Countries** e coautora

do **Manual of Organizational Change in Africa**, publicados nos Estados Unidos pola editorial neoiorquina Routledge. Escribiu numerosos artigos científicos, capítulos de libros e estudos de casos, incluíndo "**What It Takes to Lead Change in Africa**", publicado na colección de casos Harvard Business Review.

Ovadje é actualmente profesora visitante na Strathmore Business School de Kenia e presidenta do Danne Institute for Research en Nixeria. Ten prevista unha visita a finais de abril a Madrid, Valencia e Barcelona para, entre outras cousas, recibir o Premio Harambee.

Mentres, ten en marcha unha nova iniciativa: o proxecto TechPower, un programa que pretende desenvolver a capacidade das nenas de secundaria no ámbito tecnolóxico.

Entrevista co presidente de
Harambee, Antonio Hernández Deus,
publicada en Omnes: [https://
omnesmag.com/actualida...](https://omnesmag.com/actualida...)

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/a-nixeriana-franca-ovadje-
premio-harambee-pola-sua-promocion-
das-mulleres-africanas/](https://opusdei.org/gl-es/article/a-nixeriana-franca-ovadje-premio-harambee-pola-sua-promocion-das-mulleres-africanas/) (01-04-2026)